

Premio 2022

de poesía, relato e tradución
da **Universidade de Vigo**





Editan:

Xunta de Galicia,
Consellería de Cultura, Educación e Universidade,
Secretaría Xeral de Política Lingüística;
Universidade de Vigo,
Área de Normalización Lingüística;
Edicións Xerais de Galicia

Ilustración da cuberta: abstract412 (123RF)

© Universidade de Vigo e dos autores/as dos textos, 2022

© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2022

Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo

xerais@xerais.gal

<http://www.xerais.gal>

<http://blog.xerais.gal>

ISBN: 978-84-1110-152-3

Depósito legal: VG 402-2022

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

Premio 2022

de poesía, relato e tradución
da Universidade de Vigo

LIMAR

A convocatoria dos Premios de poesía, relato curto e tradución da Universidade de Vigo constitúe un fito de especial relevancia para a nosa institución. E éo porque toda acción que teña como obxectivo a promoción da lingua galega convértese nun referente chave e prioritario. Cómpre dedicar todos os esforzos a visualizar a lingua en cada un dos ámbitos sobre os que podemos intervir.

Neste 2022 recibíuse un número relevante de propostas de membros da comunidade universitaria que o xurado avaliou tras reunirse, máis unha vez, na Casa de Rosalía en Padrón, un lugar especialmente inspirador. Moitas grazas a todos os membros dese xurado polo voso tempo, esforzo e entusiasta dedicación.

Quero estender o meu recoñecemento a todas as persoas da comunidade universitaria que contribuíron coas súas obras á excelente vitalidade destes premios. A aquelas que non resultastes merecentes dun premio, ánimovos a retomar o impulso nas vindeiras convocatorias. O desafío é estimulante! De xeito particular, congratulo as autoras e autores premiados polos textos editados neste libro: Diego Bará Louro, Carlos Manuel Estévez Pérez, Remedios Fernández Montalt, Diego García Laranxeiro, Isaac Garrido

González, Rebeca López Villar, Adriana Ribas Giadás e Fabio Rivas Pardo. Moitas grazas!

Os galardóns entregáronse na Casa das Campás, no campus de Pontevedra, o día 5 de maio de 2022, no acto de homenaxe a Florencio Delgado Gurriarán, o autor ao que se lle dedicou o Día das Letras Galegas. O evento contou coa participación de Anxo Angueira Viturro, quen nos axudou a comprender mellor a obra do autor valdeorres. Tamén tivemos a fortuna de gozar da actuación de Marcos Escudero e de Tino Baz.

Sigamos avanzando co galego, desde todos os recunchos da Universidade, e así contribuír á súa necesaria normalización. É, alén do noso compromiso, a nosa obriga!


MANUEL REIGOSA ROGER
Reitor da Universidade de Vigo

Composición do xurado

O xurado dos premios de poesía, relato curto e tradución da Universidade de Vigo 2022 estivo composto por Anxo Angueira Viturro como presidente por delegación do reitor, Francisco Alonso Villaverde, Robert Neal Baxter, Patricia Buxán Otero, Rebeca Cristina López González, Marta Souto González e Fernando Ramallo como secretario con voz pero sen voto.



poesía



BOSQUES

Adriana Ribas Giadás

Primeiro premio

BOSQUES

Desexo de evasión

Chirlan paxaros. Repenica a choiva.
E as gadañas do eucalipto miran
cara abaixo
–pinga, pinga,
chían, chían–,
cara á terra que consomen asfixiando.
«Non hai aquí
cheiro ou sabor que sexa o correcto,
nin piar afinado
nin auga xentil».

Pita un automóbil, estoupa un berro,
nunha estrada que está preto.
E as veas do eucalipto devoran
máis.
«Que é o que perdín e nunca tiven?»
Engolen buscando.
Medran con présa arriba e abaixo.
«Trouxéronme para que morra en branco».
O seu chorar descubrirá
un eco gris ó lonxe.

Os rumores das fouces pendurantes
–colonizadoras ou migrantes?–
espertan unha nena,

presunta asasina,
presunta finada.
Suxiren unha aperta que afrouxa,
un acougo.
E aquilo –ai!– non son pegadas nas follas,
é un merlo remexendo;
está soa.
«Corre! Corre!
Corre dentro!»
O zume adocece por acción
e o sangue estremécese de salvaxe,
pero as veas adamantinas morden o chan.

A quen tente desertar corda e colar
raíces de razón levarano
de volta cara á gravata,
de volta cara ó bosque de pedra e vidro;
pois o eucalipto non camiña
e ningún zapato anda fóra de camiño.

Desexo de triunfo

Sobre revoltos bosques,
medio somerxidos na marea do caos,
medio afundidos no estanque da orde;
sobre niños de insomnes bestas (auto)atormentadas
mergullados en vontades miméticas
que só saben pisarse unhas a outras,
como escadas de dentes que chocan e chascan en vixilia
e sono,
querendo ascender;
alí arriba,
xiran os sabres suspendidos dun fío,
nun aire que augura champiñóns
que brotarán en terra e asfalto.

«Hoxe ou mañá?
 Espero que caian mañá.»
 E chasca que chasca.

Lonxe,
 o eucalipto xoga cos seus coitelos,
 pero a nena fica morta
 e ben enterrada.

Resignación.

«Serei o papel para a túa tinta,
 o silencio para as túas voces.
 Plantarás unha pegada efémera
 na busca do eterno;
 de letras, un bosque decidido.
 Buscando.
 E antes de decatarte sangrarás outra vez.
 E a data seguirá brincando:
 equinoccio, solsticio, equinoccio, solsticio...»

Bis do desexo de evasión

Os rumores de follas albas
 –inquisitivas e aínda cortantes–
 espertan unha nena,
 presunta asasina,
 presunta finada.
 Invitan a unha viaxe sen movemento
 máis veloz cá luz.

Chirlan paxaros. Repenica a choiva.
 Acariñan follas de carballo pés espidos
 que corren sorteando
 tímidos ourizos de centro doce.
 Enganchan silvas o pantalón para ofrecer moras
 –pois rouban os amorodos sempre todas as
 [miradas–,

pero cando bota ela o lindo froito á boca
dentes chocan e chascan.


Bis do desexo de triunfo

O bosque mira ó redor.
Cara ó seu xemelgo gris,
que chora coma un eucalipto,
que devora máis
e máis e máis,
que engole buscando
e medra con présa
arriba e abaixo...

Que deixa intacto só o cordón do seu embigo,
que lle chama nai.

Matar e finar

Tira e afrouxa.
Inspira e expira.
Cada día, cada día, cada día.
Para!
Hai un incentivo que refulxe
entre follas secas. Dóciles, dispostas.
Derrotadas.
Hai un raio de sol un chisco máis quente do correcto.
Polo menos é belo.
Un núcleo de casca fráxil sobre a pista de baile.
Polo menos bailamos.
Un borrador (auto)rexeitado.
O lume é o máis entusiasta lector.
Benvido, incendio...!



UN MEDO VIOLENTO
E O AMOR
Remedios Fernández Montalt

Primeiro accésit

UN MEDO VIOLENTO E O AMOR

Odnoliub

*O amor fai posible o paradoxo
de que dous se volven un sen deixar de ser dous.*

ERICH FROMM

A forza reside nas cadeiras
e a sensibilidade, tronco enriba.
Agasallo é a túa sensibilidade,
Agasallo, a miña debilidade;
Cesio a túa delicadeza nunha escala de Mohs invertida.

A barba,
A boca,
Os ollos as meniñas o iris.
Rezando a Osiris
unha Pascua insurrecta.

Es ti,
cervo agoreiro da miña felicidade,
a barca de Caronte que me leva ao Paraíso.

Son unha fada de po e areas brancas,
os restoballos que deixaron fouce e martelo
nesta convulsión política hemoglobínica.

Buscando o *Id*,
procurando o *arxé*,
a liturxia duns beizos que me abeirasen do frío.
Procurando o estigma
descarnado dunha
esnaquizada tarde
de sangue nos beizos.

Sangro o sangue dos beizos;
bicas o sangue dos beizos.

A túa cadeira colide contra a miña cadeira.
Anubis proclama morte en vermello,
vermello Venecia que cubra o predio de terracota.
Osiris claudica a apocalipse pausada destas 7 pragas
que son 7 mortes cada unha
que ningún gato merecería vivir.

A matriz de Isis doeu tanto, tanto,
para acabar dando nome ao que agora coñece o mundo:
dentro do amnio
dentro desta xénese boreal
dentro desta orixe materna de 12 lúas xupiterianas.
A matriz de Isis pronunciou o teu nome e desapareceu
[Ammyt.

Quérote como queren os pobres
como dicía Gata, coas mans.
Quérote como Hathor, como Eros,
como Angus Og buscando a doncela
ou Freyja buscando a Od.

E como todas as veces nas que me cría perdida
e só te estaba atopando a ti.

Ocassus servitutis

non son *aesthetic* xa o sabes
nin *mainstream* nin da cor da flor,
o meu cerebro.

acéndenseme as meixelas cada vez que te vexo.
quen me diría que sentiría vermes no estómago por ti,
por un eu vivindo unha realidade alternativa contigo.

pisando Dubrovnik con pés neófitos
coma un *kalashnikov*, a única esperanza que tiña de ser
[eu mesma.

busco auxilio
pido axuda
berro
e ti xa non estás
porque ti nunca estiveches.

nin sequera son a última vez que debuxaches con mans
[expertas a miña pel.

son muller rural, *nena*
e ti, ninfa metropolitana,
erecta a túa enerxía chocando contra min.

son o que os teus fillos nunca quixerían ser de maior
sangro sangue napalm,
corrosivo,
e retorno ao berce natal dun afastado himno soviético
reptando polo *cérvix* da única muller que non me tratou
[cun aceno noxento

volvo ao *matrix*
elixo sempre o vermello.

Sen título

O meu corpo sabe cando non estás
o meu corpo chora
o meu corpo saudade
o meu corpo antipersoa
o meu corpo paxaro da morte que berra con bico voraz.

Son inflamable
flúor
efervescencia
efixie dun despropósito en Chernóbil.

Se algún día
deixase de ser monxa
 deixase de ser monxa
 deixase de ser
 Eu.

Porque xa non me queres
porque xa non me queres.
Porque berro os cánticos dunha ménade,
enfermiza, metastática.
Porque caín fronte aos teus pés
porque non souben erguer.

Chorei as sete mortes do gato
as sete pragas
o sangue no Nilo
o viño nas xerras.

Eu,
que son tantas cousas,
son tan grande coma a nada.

A poesía abandonoume porque eu a abandonei primeiro e fun lebre.

Eu fun coello alucinóxico:

Donnie Darko.

E morrín unha noite de vendima
entre os brazos dun rapaz agoirador
da miña propia autodestrución.

O verdadeiro alimento

a violencia intrínseca en min.
a morte de todas as mulleres en min
que algunha vez foron vida.
e a vida que nunca cansou de afogarme.

xa non trago cuspe violáceo de tinta de lura
nin ando con pés de la polas túas vértebras.
xa non teño medo ao amor.

só sei
que empecei a morder a man que me dá de comer
dende que ti me ensinaches cal era o verdadeiro alimento.

Hécuba xa nunca volveu ser cadela porque
deixou de chorar polos seus fillos.

Eu sei que ti
xa non pingarás gotas de sangue polos teus cotobelos;
porque xa es a túa propia nave nai,
o refuxio.

E empezaches a bicar a man que che dá amor.

Achado

I

Pingou a roseira,
xermolo da nova era humana
co cáliz entre as mans
e o andar de pedra.

Ando entre as tebras
só son soidade.

II

Á mañá marcharía o viaxeiro
e seguiu coma sempre o po de estrelas,
nebulosas,
violáceas.


Escapei voraz do latexo do corazón.

III

Nunca berrou claudicando esmola,
nunca emprendeu a viaxe que había chegar.

Esperou.

Menos mal que chegaches.



PASEANTES

Rebeca López Villar

Segundo accésit

nós
somos paseantes dun paseo incerto e sen memoria.
camiñamos sobre a morte e sobre os mortos.
no noso pasear palpamos os fiunchos coas pernas núas
e as bágoas daqueles outros, daqueles que pasearon
[nourora,
matan a sede dos nosos poros.
que se escoita?
é o orballo que grita que hai ben pouco
moitos corpos paseantes pasearon
obrigados.
hai tamén berros dun castiñeiro
que agocha os segredos dun sabor metálico,
da cor vermella que afuracou os piñeiros con pingas de
[prata.
ignorantes dunha época, nós desatendemos
e pisamos a terra, escura necrópole que brama calada.
e cada pisada esperta unha lágrima agridoce,
un choro sosegado que quere ser o derradeiro.
de cando en vez alguén escoita
e abre os ollos anestesiados
e ve que a néboa que molla as paisaxes
leva tamén voces de tempos pasados.
camiñamos sobre a morte e sobre os mortos
mentres os carballos chocan cos acantilados
para decidir quen pode amosar as mans dos paseantes,
esas que sendo un símbolo da historia máis amarga
atopan forzas para guiar a nosa ruta.
cada día centos de almas descoñecedoras

camiñan sobre a morte e sobre os mortos
fusilan flores con zapatos finos
cobren de sombra as primaveras
e disparan gargalladas.
que se escoita?
os paxaros que cantan os contos que aprenderon das
[árbores
relatos tristes con protagonistas sen nome
historias enterradas na historia.
é unha partitura que reflicte a inxustiza
dese sangue que pisamos con pisaduras ledas
cando camiñamos sobre a morte e sobre os mortos.
que se ole?
a visión salgada do medo que se oculta
e o son húmido da rabia (esa que treme na noite)
e a voz dun can que predí a pólvora
cando a silueta da lúa camiña
tamén
sobre a morte e sobre os mortos.

percorremos mapas que semellan baleiros
malia estaren cheos
de máis.
hai cartas urbanas que cruzamos unha e outra vez
sen entender as palabras que as titulan
sen facer preguntas, sen espertar curiosidades,
sen facer memoria.


pum, pum, pum! un neno
faise o morto no branco da estrada:
casualidades da cuneta, dirían os vellos.
é certo que xogamos en rúas con nomes estraños
damos patadas a balóns que resoan nos muros
dando a luz resóns armados, onomatopeas
sinistras.
hai cativada que pum, pum, pum!
levanta barricadas inocentes
disparándose con xoguets baratos
en espazos agora só transitados por fantasmas.
e eu pregúntome
quedarán soterrados estes enredos
como tantos outros recordos
ou lembraremos as risas do presente
como esquecemos o son das balas?

no seu xogo
o rostro aínda ledo pecha os ollos
coas pálpebras arriba e as bágoas como pedras
convence a amiga que carga o pau, a gañadora
quere ocultar o medo ó ruído do fusil...
que se divirte matando.
o curuxar da noite son disparos
e mentres as risas arroupan movementos torpes
mans experimentadas espertan gritos
gañei! gañamos!
os gritos dunha derrota aloumiñada por un ceo negro
máis negro que nunca.

gústame encher as pupilas de tinta,
dunha tinta escurecida polas historias
que POR FIN aclaran o que pisamos.
gústame ler palabras fuxidas
páxinas que feren os ollos
con frases rabiosas
e doentes.
mais ás veces non.
ás veces o arrepío do negror sobre o papel
é perenne, como a folla dos piñeiros
testemuña silandeira.

un día lin dun día
no que uns ollos tamén feridos
miraron un monte de inxustiza
nunha das moitas curvas
nas que a morte atopou acougo.

xa chegou a primavera
e hai flores na cuneta.
a noitiña deixou camiños
no vidro do autobús
que se acerca e afasta
desa liña branca e grosa
que marca a fin da terra.
tinguilean algunhas luces ao fondo da fraga
como avisando do esquecemento.
pero xa chegou a primavera
e na cuneta hai pequenas flores amarelas.



BALBINO
Diego Bará Louro

Publicación recomendada

A praia dese día non era tan grande coma as veces que
tiram os pedras
ao mar para desafogar a rabia.
Porque ninguén perdeu o amor aos pequenos momentos
ou ti me esqueciches –luz entre o toxo– / pai da túa
propia palabra
Nin sequera así
A primavera arde. No chan podo ver a túa sinatura de
poeta.
Ou ti me atopas entre as mareas vivas e só hai
naufraxios
–só hai naufraxios–
e nada que nós poidamos ser é iso do que renegas.
Porque todo é pouco. Nada é moito se ti non asistes ás
gavotas
e o vento paraliza. Ou ti me asolagas. Ou ti me prendes
como ti me prestas
ante as cousas
que pasan na barriga cando sentes un ruído **que é un
ruído cálido**
máis ca os desertos
e máis ca os libros cando pasas as páxinas e parece que
comes garapiñadas e parece
unha historia aínda sen escribir e parece unha lenda da
que todo o mundo fala.
E se cadra só tirabamos pedras con algo menos de forza
pero todo seguía sendo un pouco
igual. Igual nós xa nos bicabamos con lingua
por culpa da primavera –que sempre atrapa– e aquela

declaración unilateral de chuvia permanente
aquela DUC // sóbome ao clic da cámara de fotos cada
vez que entrabas
pola porta con cheiro a tabaco e a porro e a alcoholismo
xvenil.

24/7 é a miña regra de vida se non podo
se as paredes deixan unha marca na fronte
por cada vez que pasas un segundo
na habitación.
se realmente non existen os monstros debaixo da cama
e se cen novelas sobre o abismo son demasiadas novelas
sobre o abismo
pero necesitamos unha guerra
que ninguén pediu. ás veces preguntome se
24/7 é unha regra de vida
o suficientemente válida
e ás veces a xerga e tantas outras veces a modernidade
chora a quen non debe pero a adolescencia comunga
co insolente que é
co insolente que é a adolescencia porque nada é tan
insolente

e si que escollería unha nube de xeado coroando o
universo e **berrádoche**
á sorte. berrádoche de eufemismos que xa non
conxuran
aqueles poemas e derreténdote feroz. alí souben que
escollería terreos perigosos e así tanto que perigoso e
achegarme aos
teus cóbados que latexan noutra lingua.
cambiaríate de lugar aos tempos en que nunca e sempre
coinciden
salvaxemente.

xa non sabe ao que escribimos por primeira vez
nesa nota de instituto
que só limos nós e que estaba tan engurrada
xa non sabe a ríos de inocencia radical e a Vía Láctea
outro extremo de vangardas sobre a man –cando me
colliches a man–
e fomos a parella do momento /por uns segundos á
saída da discoteca/
agora o mundo é noso
agora o mundo é fodidamente noso e as redes sociais o
teu imperio
xa non goberna as historias de amor por moitas

-I-

a u t o p o é t i c a

f e l i z

é unha vida sen paraugas

que me describa da cabeza aos pés

e d e s é r t o m e enfurecido

dos soportais

-II-

e non existo noutra fórmula

allea ao meu relato de perfectas liñas transoceánicas

onde só se falan

l i n g u a s i n d í x e n a s

sen mirarme a un espello máxico

serei un estado libre de corrupción estética

de curvas anormais

serei tantas cousas violentas neste estado

-III-

e que o único prezo da palabra

tivese trazas de v e g a n i s m o militante

quixera ser un corpo de plástico

unido por un fío

ao resto das galaxias

e quixera saber se os bicos que pasan das 12

alumean estrelas en risco de pobreza

-IV-

escóllote a ti entre as *Perseidas*
que me ris con xesto de pracer eternamente novo
nese retrato tan teu
e nunca
impropio dun lóstrego de poesía
que vén sendo algo letal

-V-

desexaríache defensa dunha fortaleza e eu ponte colgante
desexariámonos unha conexión que nunca viron
os astros nunca viron unha conexión tan desexada
pero nós somos puntos diverxentes
na estratosfera a sempre ignorada estratosfera
ou tarta de queixo
sempre a tarta de queixo
a maior revolución das **marxinadas**

difusa como unha *performance* que me obriga
a expulsar violentamente
os anacos de proxecto mal acabado
e malia todo
malia todo o que non hai detrás disto
segue sendo unha obra de arte
indecente para a cuadrícula dun museo e malia todo
non me desligo da causa terrorista
porque sigo abandeirándome representándome e
berrándome por fóra
até dilapidar o odio innato
(á causa terrorista) eu son militante único da miña
militancia

A **Lingua** DESGÁSTAME como aquela fotografía que
tiraches ao pé
da catedral
sen mostrar ningún desexo. É moi sucia aquela imaxe
e **des-gástasme** nese exercicio teu de rebeldía xuvenil que
por momentos
parece exercer algún tipo de violencia extrema baixo os
efectos da **procrastinación**.
Baixo os efectos da **libre** procrastinación. Só porque ti
fillo directo do **absentismo escolar**
nunca gozaches de dous míseros segundos para
explicarte.

O lóstrego de marmelada neste poema vai por ti.

Receita de historias do cotián que sempre ficaron no quinto cu.

Alén dos muros no puto extrarradio. Na severa irrelevancia. Nos beixos a medias. No «case vin unha estrela fugaz» e non a viches porque foi un «case».

Nas mans que nunca chegaron a

xuntarse porque

había química pero eramos a timidez en maiúsculo a

golpe de canón en pleno conflito bélico

E así de claro cho digo –e declárocho. Eu que milito na cervexa

nas viaxes en ferrocarril

nos folios en branco

nas vilas soterradas baixo encoros


nas luces dos faros

na utopía extrema e a extrema utopía apodérase de min

Hoxe escollín colonizarte álbum de ansiedade.



relato curto



O CRUCEIRO E AS ANGUÍAS

Fabio Rivas Pardo

Primeiro premio

A meu pai, por todas as historias
que agochou no cruceiro
para que eu as escribise.

*As persoas tamén poden ser animais,
moitas veces son animais,
as persoas tamén toman como ofensa
que os mires de fronte, coma os lobos.*

BIBIANA CANDIA, *Azucra*

O de ir á romaría de San Benitiño de Lérez foi unha cuestión de estratexia. Por unha parte, sabía que na sesión vermú e na hora da verbena os señoritos, vestidos de chaqué, engomados de máis e dados á infidelidade, deixarían que unha rapaza nova se lles achegase e fochicase neles polo aquel de se sentiren desexados.

O proceso é sinxelo: escoller a vítima, convencelo de que me saque ao baile e nas viradas de charlestón afrouxarlle a correa do reloxo ou subtraerlle a billeiteira, que antes de completar a reviravolta xa debía ficar no interior do meu xustillo.

As miñas mans son líquidas nos petos alleos, se cadra invisibles. Inexistentes porque os seus ollos obscenos se prenden na lascivia finxida dos meus. As palabras ridiculamente pegañosas catívanos. É co tempo que unha aprende a camuflar o noxo. O odio, en cambio, sempre agarda aí, empoleirado no fondo abisal das meniñas.

Talvez o mellor sexa a certeza de que non se van ir da lingua. Porque non han denunciar que unha rapaciña fixo

deles un pandeiro, claro que non, nin pola vergoña. E moito menos irán á dona co conto de «ai, meu amor, rouboume a carteira unha muller que me embobou co escote e a saía por riba dos xeonllos». Ben é certo, todo sexa dito, que uns billetes de menos non lle han ser gran perda a estes individuos. Porque nós non roubamos a calquera. Na Escola roubamos a quen lle sobra.

Ademais, no mosteiro onde se celebra a romaría aproveitaría para prender unha candeia ao santo, que resulta ser moi milagreiro. Eu non che son moi devota de meu, pero a mamá ten certas supersticións en canto a estas andrómenas, e de seguro que unxir as verrugas dos dedos co aceite queimado nas lámpadas do templo, negocio secular e proveitoso, halle facer ben.

Desde que baixei do autocar en Pontevedra camiñei pedindo indicacións e, xa de paso, desvalixando algún que outro fumador de habanos co pretexto dunha aperta de agradecemento. Seguí a ribeira do río, que rebulía caudaloso, e non parei ata darme de bruzos co mosteiro. Alá no alto semellaba máis grande cá lúa.

Recollín unha morea de xestas que recendían que daba gusto e con elas e cunha saia remendada improvisei un leito que me zafase de deitarme na húmida xunqueira. Aquela noite durmín bañada polo ceo descuberto, arrolada pola luz dos astros. De cedo, os foles das gaitas madrugaran máis ca min.

O resultado da xeira foi o agardado. Aínda había luz no ceo e xa enchera o macuto. Só me compadecín dun home groso, un vello corpulento que se movía cunha habelencia e lixeireza impropia. Rin tanto no baile que nada máis lle privei da alianza que gardara no peto traseiro. En definitiva, un bo botín.

En canto regresase habíalle dar todo a Luciano para mercar no estraperlo, que boa falta fai para os do monte, a excepción dunha pequena parte con quen acostumo

quedar ás agachadas. Ao cabo son eu quen arrisca a cabeza e na casa, o que é sobrar, non sobra.

Pola botella do aceite milagreiro para mamá, tras cavilalo moito, paguei a vontade.

Para achegarme a Tiobre, a familia de quincalleiros que me recolleu saíndo de Santiago desviou a ruta que tiñan marcada cara a Betanzos, onde nos vindeiros días se festexaba o día de non sei que patrón e pagaran por un posto na feira. Levaba dúas xornadas a pé cando me propuxeron acompañalos. E dubidei, claro que dubidei, que non están os tempos como para fiarse da xente que ofrece caridade, pero as dúas nenas que viaxaban coa parella, na parte traseira do carro, pedíronme, por non dicir que me pregaron, compañía. A satisfacción dos meus pés cubertos de pústulas contrastaba co que deberon sentir os bois máis ben magros que tiraban o xugo. Unha carga máis.

Pasei boa parte da viaxe á xogueta coas nenas. Aprendínlles a elaborar coroas de margaridas e xestas, paraugas en miniatura con pequenos anacos de cañas e chifres con follas de árbores. Tomáronme por meiga, ou bruxa, ou a saber por que ser máxico, perdendo pequenos obxectos dunha delas que xurdían, misteriosamente, nos petos da irmá. A maior abraiábase e a pequena, á que lle dicían Adela, que era ceguiña a pobre, facíalle un eco maxistral, como ensaiado.

Tiveron tempo de ensinarme unha morea de cancións de campo, na maioría versións adulteradas doutras melodías que levo cantando toda a vida. O carro, ás veces, cantaba con nós. Pero non houbo momento en todo o camiño, nin entre canción e canción, en que se me fose a inquietude da cabeza: que lle ía dicir a mamá sobre onde estiveren estes últimos días? E por riba de todo, de onde saíron os cartos?

Porque o de que os atopei onda o cruceiro, que é o lugar asignado polo Servizo Municipal de Limpeza para

depositar o lixo, dígollo desde que roubei aquela botella de anís ao Rachacoles. Hai canto diso? Catro, cinco anos talvez? Ao longo deste tempo, no cruceiro foron aparecendo toda sorte de trapalladas, de maior ou menor tamaño, aínda que ben repartidas as descubertas. E a mamá inocente é, pero ten de parva o mesmo que eu de santa, que unha cousa é atopar unha bolsa de laranxas bravas, sen unha mácula nin becho, e outra distinta cartos para comermos un mes. Que ninguén, digo eu, anda a tirar os cartos nos tempos que corren.

Agora que o sol está a piques de ocultarse tras os cumes, desde o bordo do regato vexo a igrexa de San Martiño de Tiobre convertida nun xogo de sombras temibles que rabuñan coa intensidade de quen se sabe moribundo.

As dúas Expósito, apoiadas en cadanseu caxato, fan viseira coa man para enxergarme ascendendo pola aba do outeiro. Sobre a herba conto media ducia de troncos de eucaliptos, a metade deles xa descascados. Saúdoas efusivamente, pero a emoción non me resulta recíproca.

—Luci agárdate na Escola —di unha.

Entro pola sancristía e logo de dous longos corredores perpendiculares, rodeados de pedra, dou coa porta maciza da Escola. Por suposto, coma sempre, está pechada. Golpeo coa aldraba ao noso xeito e o padre Luciano abre de inmediato. Sabe que son eu. Cando cruzo o guiceiro da porta, el xa está camiñando de costas a min. Para o novo que é, apenas nos separan tres anos, ten unha elipse calva no medio e medio do curuto.

Ao padre Luciano metéranlle a devoción na alma a base de hostias, e iso que o corpo de Cristo nunca fora do seu agrado. A primeira vez que comungou, co noxo que lle deu o sacro pan invadíndolle os sucos do padal, o almorzo para dixerir ascendeulle ata a gorxa. Vomitou de golpe sobre os pés de don Emilio e, así de axiña, o señor

cura, de índole ruín e ollar garzo, descargou unha labazada que o fixo abanear. Así e todo, aos pais caeulles coma auga de maio. O incidente biliar foi o pretexto perfecto para mandaren a Luciano ao seminario. Co troco do fillo afastaron calquera rumor, calquera dúbida sobre a súa posición cara a Deus e ao Réxime que viña de instaurarse. Tiñan sona de roxos e ateos por toda a bisbarra. E tivérona ata que marcharon a algún país americano sen el.

—San Luciano de Tiobre, mártir —chanceaba.

Foi co tempo e coa confianza que souben a verdade. Luciano confesoume entre viños que máis ca pola hostia, sentiu repulsión por ter que bicar o anel de don Emilio, a quen pouco antes vira baleirando a súa santa vexiga contra as cerdeiras corruptas.

Malia sermos por orixe de aldeas lindeiras, non o coñecín ata que xa como sancristán do párroco de Brabío e Tiobre, parroquias que percorre de a cabalo, chegou á casona xunto a don Emilio para ofrecerlle os Santos Sacramentos ao meu irmán, que estaba por finar. Mamá sacrificouse por el, polo Marquiños, durante as semanas que o cativo cambaleou na agonía, pero non houbo forma de salvalo. Nin as ladaíñas ao santoral enteiro puideron evitar que a meninxite o levara antes de facer a década.

—Cada día estás máis vello, padre.

Luciano xira e fixa os ollos nos meus pés descalzos. Comprobo como, paso a paso, deixei no camiño as miñas pegadas lamacentas, aínda molladas despois de cruzar o río. Mírame con desaprobación, nótollo no cello; con furia, din os seus ollos.

Achégase a min firmemente e co seu alento na cara ergue o brazo. Aperto forte as pálpebras, agardo o golpe. Luciano xamais me levantara antes a man. El non.

En lugar de atizarme, arrebatame o macuto.

Baleira cada un dos petos sobre a mesa e comeza a rebuscar no contido. Algúns reloxos, moedas e billetes de

peseta caen soltos. Está moqueando e sorbe decontino. Nas carteiras detense a ler cada papel, como se quixese identificalas. A continuación, guinda as revisadas con desinterese, nin sequera conta os cartos. Nin sequera os quita das billeteras. E, ao cabo, detense.

—Isto é todo? —pregúntame sabendo xa a resposta.

Nego avergonzada e do peito saco outra carteira. Descoñezo o que contén, pero tras ler a identificación Luciano solta un *meu Deus* que ata agora só lles tiña escoitado aos ateos. Volve canda min, vagaroso e silente, e apoia as mans nos meus ombros.

Luciano rompe a chorar igual que chorou o día que se celebrou o enterro do meu irmán. Aquel fora un balón de chuzos.

Derrúbase diante de min. Axeónllase e golpea contra o chan as mesmas mans que deslizou polos meus brazos. Berra e brúa. As palabras sáenlle coma sons guturais primitivos. Son laios mouros. Para respirar, venta; fáltalle o aire.

—Nada disto tiña que acontecer —proclama—. Síntoo, miña flor. Síntoo.

É o último que di antes de que aparezan as Expósito alertadas polo balbordo. Miro a maior delas, que fai un aceno para que acougue e agarde. Tampouco teño pensado moverme, tampouco creo poder. Non sei que ocorre.

Nuns minutos regresa soa e asegúrame que a Virxinia está deitando a Luciano, que xa calmou. Cada vez sinto o frío máis intenso, máis dentro dos meus ósos, aínda que a muller está a fregar-me nos brazos coma unha nai que acubilla a filla. Entón, de súpeto, caio na conta. Trátase diso, trátase dela.

Mamá.

—Tes que ila ver decontado —e non lle dou tempo a rematar, que xa percorrera os corredores da sancristía ás toas.

Fóra, o sol parece vacilante. Mantense na mestura do azul e o laranxa, pero sei que pouco lle falta por marchar. Pregúntome entre alancadas se volverá saír mañá.

Atópoa sentada no patín do sobrado, mexéndose sobre unha cadeira. Ao seu carón, o Fusco ergue as orellas. A única vez que vira a mamá co cabelo tan curto acababan de rapala. Papá fuxira da fronte dunha guerra cos días contados e deron por feito que ela tiña coñecemento do seu agocho. Mallaron nela coma as Expósito nos eucaliptos e moérona a paus ata que meu pai, que sabía que pronto virían buscarnos ao Marcos e a min, deixou o monte e se entregou no cuartel da Benemérita. Paseárono esa mesma noite e custodiaron o cadáver durante o tempo preciso para que comezase a feder tanto que nos deseño tocalo. Polo menos sempre tivemos un nicho onde levar flores.

—Así que no cruceiro —di mamá e sorrí abrindo a boca. Fáltanlle todas as pezas dentais.

Achégome a ela sen dicir nada. O can érguese sobre as patas traseiras e boquea. Apoia o fociño nas súas pernas e reparo nos petos do mandil a cadros que viste mamá. Están cheos de sangue. Retírolle as mans deles e véxoas cubertas de trapos encarnados. Mamá cala mentres desenvolvo as teas con coidado; o líquido pegañento pégaseme coma mel. Descúbrolle os dedos seccionados a rente dos cotenos. Aínda cheiran a fresquíu.

Todo comeza a gravitar ao meu arredor. A cabeza pésame. Primeiro é palla e de palla pasa a leña. Nun instante convértese en ferro, no máis denso de todos. En canto caio sen folgos sei que vou perder o senso.

—Así que no cruceiro —repite.

Pecho os ollos. Déixome levar á valga.

Esperto húmida, con Luciano agarrándome a man. É xa pola mañá. Moi cedo, ademais. O galo canta. Mamá aínda está deitada no colchón; eu, enriba do meu xergón de herba seca. O padre Luciano espreguízase cando ve os meus ollos abertos coma soles e guíame fóra do cuarto.

—Deixemos que descanse —dime.

Sentamos pegados á cociña de ferro, que non se acende desde as últimas de febreiro pero dános certa sensación de acubillo.

—Debías estar exhausta da viaxe. Durmiches a noite enteira.

Acepto e trago con devezo o vaso de leite que me ofrece. Agora que me deteño no seu rostro, o ollo esquerdo de Luciano ten a cor carmesí das camelias. Acugula tanto sangue que parece a piques de rebordar, coma unha sambesuga farta ou a carrapata na fronte dun can vagabundo. Pásolle a man pola cara e fai aceno de dor ao palpar arredor da cunca. A el tamén lle deron ben.

Luciano téndeme o documento de identificación que retirara da billeiteira. Pola fotografía non logro recoñecer de quen se trata. Un bigote requintado, unhas cellas mestas, un nariz de ventas diminutas. Un rostro dos tantos aos cales me acheguei en Pontevedra.

Dá un sorbo á cunca de café e deseguido envorca o líquido de volta ao vertedoiro. Dime que repare no nome e sinálao co dedo índice, que axiña leva á boca e comeza a morder.

Don Héctor de Lanuza Ballesteros.

De novo síntome desorientada. Xuraría que non o teño gardado no meu repertorio de nomes: Héctor, non sei de ningún. Iso si, o apelido paterno paréceme familiar. De Lanuza, apelido composto e lanzal, casta de avoengo.

—O cuñado do Lobo.

O pan duro cáeme dentro do vaso de leite, ciscallando pingas pola mesa coma moxenas que bailan no lar aceso.

Ramiro o Lobo e mais eu somos fillos da mesma xeración, da mesma aldea. Xenreira é a palabra que mellor describe o noso vínculo: a inimidade vén de lonxe.

Entre a vizosa recua de cativos de Tiobre, eu era a única nena. Non me deixaron nunca acompañalos a roubar cancelas nas noites de festa, nin ás acampadas no monte, e tampouco podía participar no que eles chamaban o xogo das trincheiras. Que non che é cousa de rapazolas, Inesiña, dicían.

Dunha volta, souben que o grupo, encabezado por Ramiro, ía pescar anguías no regato, así que os perseguín polo monte á espreita para que non me bulisen coma sempre. Levaban un anaco á caza e non deran co xeito de atrapar os peixes, malia abondar por todo o caudal coma miñocas baixo terróns. Eu, xa decidida a deixarme ver, aproximeime ao regato, rebocei as mans en terra para que non me esvarasen nas mans e coloqueime contra o curso da auga. Así me ensinara meu pai. Collía unha tras outra, que introducía nunha patela de vimbio mentres eles me ollaban co fulgor dun crime. Dei o labor por suficiente e regresei todas e cada unha das anguías ao río. O rapaz nunca perdoaría a humillación pública dunha nena.

A medida que medrou de Miriño a Ramiro o Lobo (mesmo hai quen o trata de don), ascendeu de ingrato a terratenente despois de denunciar medio Tiobre e parte do estranxeiro por conspiraren contra o Réxime. Polos méritos en prol da causa, fíxose cun nome na elite dos mesquiños e casárono coa filla dun alcalde que viña de Castela. Ao irmán dela, un heroe de guerra que acabou toco na refrega, concedéronlle en honores un pazo coas súas regalías. Ese irmán ten por nome Héctor de Lanuza Ballesteros.

Este tipo de acontecementos esgotábanlle a pouca paciencia que tiña.

Xa de primeiras, conducir tres horas o autocar, un Citroën do trinque que mandara traer de Francia e do cal presumía diante dos seus iguais, e aínda por riba ter que facelo acompañado da súa señora esposa, que non había Deus que lle pechase a boca, á lercha, alporizábao.

Todo o ritual, sempre semellante, era unha agonía. Que por que carallo había que comer empanada un domingo, se aos domingos tocaba *coq au vin*, que desde que regresou de Toulouse se volveu un costume obsesivo. E o de bailar. Que necesidade había de bailar, a xente debería ter máis sentido do ridículo. E non digamos xa o de vestir gabán, ou aqueles chalecos cinguidos con que custaba respirar, ou a pucha na cabeza, a ferverlle nos miolos coma ovos na tixola. Polo licor café non protestaba.

Non obstante, sabía que a súa presenza era imprescindible e non podía faltar ás ocasións en que se reúnen os do seu rango. Porque por moi ben que lle fose, hai que ver onde empecei e onde estou, gabábase el mesmo, non era abondo. E para rubir entre os pasos da esqueira precisaba deixarse ver, apertar moitas mans, bicar moitas outras. Se era preciso, esnaquizalas.

Ramiro quería que o mundo enteiro soubese o seu nome.

—*Mirito, ¿por qué no me sacas a bailar?* —propón a muller do seu carón.

O coronel Pedrosa afogou unha gargallada e seguiu bebendo viño do país. Limpou o bigote co dorso da man e mirándoo de esguello dixo:

—Iso, *Mirito*, a ver se aprendes do teu cuñado, que xa engalanou unha mociña —afundiou o bico noutro grolo xeneroso—. Mira, mira, *Mirito*. Mira como bailan arrexuntados. Hoxe o Héctor triunfa, dígocho.

Ramiro estendeu a boca, simulando un sorriso mol e inmenso, e pousou agarimoso a man na coxa da muller. Arrimou a cara á dela, como para bicala, e bisboulle:

—Volve chamarme así diante de xente —ao tempo apertou a perna con dous dedos ata que se puxo ríxida coma un gato en perigo—. Ti volve.

Logo, bailaron, ou algo así. Ramiro arrastrouna polo pulso e diante do palco dos músicos mexeuna igual que o que move un monicreque con fíos. Nunca o admitiría en público, pero era tan pésimo bailarín coma barbeiro. Soaba un pasodobre que levou cos pasos de valse, porque el nunca soubo diferenciar un do outro, total para que, se non lle ía sacar ningún proveito.

En cambio, como se meneaba o Héctor, o condenado. Que caladiño o tiña. E coidadiño coa rapaza, que estaba de bo ver, para beberlle os ventos. Non é listo nin nada, o Héctor. Entón, deuse conta.

—Home, non me fodas —dixo para si—. Que fará esta tan lonxe da casa.

Sentíase observado entre a multitude, aínda que era el quen vixiaba decote alguén. Inesiña, que indecente, apreixábase a Héctor e este permitíallo. Nin que estivesen casados. Non, ho, iso nin pensalo. Antes morto que con esa farrapenta na familia. Xa o avisaría en canto se separasen un pouco.

Pasiño para un lado, pasiño para o outro, enseguida cansou de tanto arfar. Sentou el e sentou a muller, e nin un intre apartou a rapaza dos ollos.

—*Pues espero que sepas de ella, que la muy hija de puta me ha birlado la cartera* —dixo Héctor rebuscando nos petos, media hora máis tarde, despois de que Ramiro o advertise.

A risada de Ramiro o Lobo afogou o balbordo do xen-tío. Mostrou todos os dentes e a úvula abocóuselle pola boca, pouco máis e rompe a chorar. Ergueuse, e con el a muller, púxolle a man no ombreiro ao cuñado e prometeulle que el se encargaba mentres vestía o gabán. Antes

de marchar, mordeu un bocado da empanada, que algo había que meter no estómago, que lle quedaban varias horas de coche. Nada máis sentiu o sabor, cuspiu a empanada sobre a herba e tусiu.

Aínda por riba de anguía, co noxo que lle tiña, *coño*.

—Intentei detelos, pero cheguei tarde. Veume avisar bulindo unha veciña que viu como levaron a túa nai a rastro. Na comandancia dixéronme que non sabían de que falaba. Insistín e insistín, e que máis me valía liscar se non quería ir co meu xefe antes de tempo, que tiñan a metade de prezo as viaxes ao outro barrio —córtaselle a voz—. Por suposto, non marchei. E saíu o Lobo en persoa sen azos de conversar. Arreoume un moquetazo nos fociños e ameazoume con facerme a manicura coma á túa nai. Non sabía que era a manicura ata que a atoparon esta mañá as Expósito, tendida no adro da igrexa e atada de pés e mans. Parecía un farrapo vello cando a recollemos, cos dedos desfeitos e o lombo mazado. Estaba como en transo, fóra de si, lonxe deste mundo. Non paraba de repetir o mesmo coma unha canción aprendida por obriga.

—Así que no cruceiro —di mamá coa súa voz feble desde o cuarto.

Luciano deixa caer a cabeza. Péssalle coma todas as cruces de pedras sobre a terra.

As árbores deglutiron a luz do día e fartas de sol convertéronse na negra custodia da noite. Sopra un ventiño lene e morno que en ocasións provoca que as pólas manteñan un litixio obsceno. O conflito dos buxos e os albelos, tan rancorosos, ocultan as pisadas da rapaza miúda que deambula polo bosque. Inés camiña sen medo, sábese protexida porque nunca necesitou de ninguén. Coa noite tan pecha, nin sequera á Compañía lle presta saír. As pen-cas dela mestúranse co resto da face.

Igual que as bágoas.

Os estragos do tempo enferruxaran unha boa parte da cancela. Rompela por varios lugares foi doado, pero imposible gardando silencio. Por fortuna, nese momento un can ouveaba ao lonxe.

Inés desprázase axeonllada coa delicadeza dunha aparecida, co sixilo aprendido. Desvalixar casas alleas é outra das prácticas habituais para os da Escola, aínda que sempre se aseguran de que na vivenda non haxa unha alma. A rapaza, así e todo, non só procurou que estivese habitada, senón que ela mesma se ocupou que de aquel home chegase a salvo. Desde a distancia, como di a tradición de cando nenos.

Abre a porta da adega e retrocede polo cheirume do bagazo fermentando en bidóns. Embózase cun pano e regresa ao interior. A segunda das portas, que xa dá acceso á vivenda, está fechada. Manipula con destreza a pechadura e malia a porfía só logra que abra o postigo. A duras penas, dun pulo, pasa pola folla superior da porta sen que a escoiten.

Inmediatamente, vese nunha especie de comedor cunha mesa infinita para un único vaso limpo, un prato con desperdicios e un xogo de cubertos. Desde aí sobe os chanzos aos pares, e antes de cruzar outra porta agarda no relanço, oído contra a parede. Chégalle un badaleo monótono e desagradable, de pedras chocando entre si, a certa distancia, en cambio.


A través dunha regaña na porta da habitación, ao fondo do corredor, pode velos. El bate o seu corpo contra o da muller cunha crueza animal. É un desafogo desmesurado e salvaxe; parece un castigo inclemente, mecanizado. Hai algo no xeito que non resulta natural, quizais tampouco pracenteiro. A violencia, o rancor. Unha vez que se detén, ela, de corpo espido, érguese e foxe a outro cuarto, golpeando a porta con ira. Inés compadécese.

—A ver se me dás un fillo dunha puta vez se non queres isto cada noite —berra el—. Mira o que me obrigas a facer. Convértesme nun monstro.

Observando a Ramiro o Lobo, Inés comprende que os monstros roncan dunha forma case humana; dormen tamén cun aire parecido: pechan os ollos con forza e confían en espertar co raíar. E se algo sabe Inés sobre os lobos é que mirarlles directamente os ollos pode ser tan perigoso como darlles as costas. Pero, sen dúbida, mantelos pechados diante deles sempre é definitivo. Aquela noite, entre os curuxos das aves nocturnas, Inés é a máis voraz de todas as bestas.

—Así que no cruceiro —musita fronte uns ollos que se abren por última vez.

Ao lonxe, unha loba ouveou.



ONDE MATARON OS HOMES

Carlos Manuel Estévez Pérez

Primeiro accésit

O pai constrúese dentro do fillo.

En madeira. Despois arde.

ISMAEL RAMOS, *Lumes*

Nun bar de Alxén, Salvaterra de Miño, xuño de 2019

—Vinte en copas.

—...

—Vinte en espadas.

—Nos collóns séxanche cravadas –falando para dentro.

—Rapaciño –sinalando o distraído camareiro ó outro lado da barra– mira, ven canda min –este virou os ollos un par de veces ao televisor e aceptou o mandato.

—Dime, Cleto, que queres?

—Míra aí, a ver cal é o trunfo.

—Ouros, vai de ouros.

—Daquela, isto que teño aquí que é?

—Son as corenta.

O adversario tornou vermello da rabia e cinguíu de forma violenta o cello á vez que chocaba os dentes, tal como papel e prelo. Causou tal impacto no lugar a súa reacción que dous vellos, que alí de pé ollaban, deron volta e marcharon. Espreitando ó lonxe, estaba eu. Eles enfrontábanse:

—Fillo de puta! Fixeches trampa!

—E logo, eu que trampa fixen?

—Non te preocupes, xa te collerei, xa! —dixo mentres empurraba a cadeira e marchaba.

O Cleto e o Andrés non se podían ver un diante do outro. Destes dous homes eu sabía algunha cousa. Cleto, que tiña sesenta anos, traballara de torneiro en Vigo. Volveu a Alxén polo irmán, pois, tras queimar a casa familiar, o xulgado afirmou que non podía vivir só. Tiña unha doenza mental, un cadro psiquiátrico grave, non lembro cal. É o mesmo, dá igual. O caso é que Cleto reconstruíra a vella casa, penso que polas lembranzas e o afecto que lle tiña. Se cadra, tamén tivo algo que ver a ruptura coa muller, a cal quedara co piso de Vigo. Non é que fose nada doutro mundo. Era un piso pequeno preto da estación de autobuses, sempre con moito ruído pola súa proximidade á avenida de Madrid. Había coches pasando deseguido, unha cama de 135 cm, un sofá de dous asentos e unha cociña pequena, de dous fornelos. Todo para dous, non lles facía falla máis. Teño ouvido por aí, e o certo é que fai sentido, que el era estéril.

Volvín ollar a xente do bar, a cal quedara calada tras o acontecido. Un dos veciños, que alí tomaba unha fecha, dixo para dous homes que tiña a carón del na barra:

—Vistes que acamparon os xitanos alí debaixo da ponte?

—Vinos onte, xa me viñeron pedir.

—A min tamén. Veu un deles á porta da miña casa a preguntar se non tiña algunha galiña choca para lle dar.

—A estes como non lles deas, sonche capaces de cinguirche o pescozo coa navalla.

—Non traen nada bo, xa cho digo eu.

—E se algo bo traen, non te preocupes que non cho van ensinar.

—Non si. Mira que non levan ouro os condenados. Sempre a pedir e pedir, que vendan as cadeas e os aneis!

Baixo o abrigo dun portal no Calvario, Vigo, 2019

—E logo, onde marchou teu pai?

—Está nun barco deses que levan gasóleo.

—Pesca, entón?

—Non, non. El leva o gasoil no barco.

—Ah vale, xa entendo. Transporta o gasoil para levalo a outros sitios.

—Iso é.

—E cobra ben?

—Penso que si, cando volve sempre trae algún agasallo.

—Claro, entón o teu pai ollará unha de mundo...

—Agora creo que estaba por Alxeria.

—Iso non é África?

—Non, home, non. Iso está para alá, preto de Indonesia.

—É que eu disto, de xeografía e dos países, non sei tanto.

O que si, aínda sei capitais e mais os ríos de España.

—Que vas saber ti, se ti es parvo –dicía mentres botaban a rir os dous.

—Eu son máis listo ca un allo e ti sábelo ben.

—A que hora comezaba a peli?

—Nunha hora.

—Parece que parou un pouco a choiva –mirando cara ó ceo—. Imos indo?

De aí nun intre, saín da tenda de roupa na que me escondía e collín o camiño contrario para non toparme de novo con Mario, o meu fillo.

Nun alpendre no Confurco, Pontearas, 1998

—(...) Sempre pensei que ler libros facía a xente máis capaz, máis intelixente. Agora penso que só quería nutrir as miñas esperanzas, ategando o meu maxín de historias

grandiosas. Non sei, parvadas miñas. Ti oíches falar deses froitos que se dan por aquí? Como lles chaman? –díxenlle a aquel home, que tiña a perna atravesada por unha canaveira de ferro.

—...

—Non lles sabes o nome?

—Cabrón –escoitábase nun intento por falar.

—Que rabia me dá, como lles chamaban?

—Axuda! –puido gritar levemente.

—*Mabeles* ou *mereles*, como era?

—Policía!

—Chama, chama por ela.

—Ai! Mamasíña –dicía mentres choraba.

Achegueime a el aprexando o martelo coas dúas mans e cando ía darlle na crisma escoitei un ruído. Era alguén que petaba na porta da casa. Tapeille a boca coa miña man a aquel home durante un intre. Pasaron dez minutos e asomeime por fóra do lugar para comprobar que xa marchara quen fose que estivese aí. Aínda que a néboa aquela mañá estaba mesta, mirábase con claridade que non había ninguén xa preto do predio. Volvín ó alpendre para lle dar morte a aquel home.

—Mirabeis, chámanlles mirabeis. Probáchelos? –Díxenlle mentres abría a porta.

Cando mirei para el, xa semellaba morto. Na súa faciana pronunciábanse con intensidade os terrores da morte. Tiña a boca aberta e os ollos en branco. Quedou como se lanzase un último berro xordo. A súa expresión lembraba unha careta do entroido, non lembro de que lugar.

A dúas millas do porto de Marsella, 1994

Escoitaba levemente o que o meu compañeiro dicía. Eu estaba concentrándome en prender un cigarro. Mentres

que eu, corcovado e protexendo o chisqueiro do vento, acendía aquel demo de tabaco, el insistía:

—Iso é vergoñento, non pode ser que non lle queiran dar o tratamento ó rapaz.

—Din que en España non hai máis casos desa enfermidade, que é moi rara. Se lle quero dar tratamento teño que ir a Rusia. Alí hai un médico... Deses que tratan estes casos.

—Pobre rapaciño.

—Eu non sei que vou facer, non teño cartos para mandalo aí. Pídenme quince millóns de pesetas polo tratamento. Eu non podo dar iso, non o teño.

—Eu se cadra, sei como podes... Non sei. Mira, dá igual, é unha parvada.

—Non, non. Dime, fai favor —dixen mirándolle ós ollos—, o meu rapaz non aguanta as dores, ten o corpiño todo cheo de tumores. Xa case non pode nin andar.

—Mira, Tomás. Isto que che vou dicir é moi serio. Tesme que prometer que vai quedar entre nós.

—Son unha tumba, Manolo. Dime, por Deus!

—Eu coñezo alguén que paga por facer traballos.

—Que hai que facer?

—Vamos para aquela esquina. Este home quere xente moi seria para o traballo, ten unha organización. As persoas chaman por el cando teñen problemas graves con alguén.

—Problemas de pago? Queres que sexa cobrador do frac?

—Poden ser problemas de cartos, pero non sempre. A meirande parte das veces non vas saber a razón.

—Daquela, que teño que facer eu?

—Ti tes que atoparte co suxeito e cumprir as ordes da organización. Xa sabes, todo con moita seriedade e cautela. Se de verdade necesitas os cartos podes conseguilos en pouco tempo, depende do ben que traballes. Mira, cando

volvamos á casa, vai a ó Porriño. Alí no polígono hai unha empresa que se chama Adanor Metalúrxica, pregunta por Agustín Robles Piñeiro. Dille que vas da miña parte e cóntalle todo o que me contaches a min.

Ponte da Fillaboa, sobre o río Tea, 1995

Daquela noite lembro dúas cousas. A miña primeira idea foi esconder o cadáver daquel home baixo o estrume da corte. Lembro a imaxe do que alí atopei como se o demo ma fixese tragar pola forza. No mesmo momento no que abrín a porta, a miña sombra suxeríuse na parede da corte, e nela uns ollos fixos ollaban para min. Co terror de quen mira o lobo, estaba unha rapaza espida ollándome. Alí, queda e pegada á parede. Acendín a luz e puíden vela mellor. No mesmo intre en que se fixo a luz, ela acougouse sobre si, tremendo de medo, como barruntando a súa propia morte.

Como unha cadeliña inofensiva, tornou a mirada para min e preguntoume se a mataría. Eu quedei sen fala. Aquela rapaza semellaba unha nena, duns trece ou catorce anos. Tiña o corpo ateigado de negróns, a faciana pálida como o leite. A mesma luz da corte provocaba nela unha grande incomodidade, podía sabelo por como forzaba os ollos. No momento en que puíden apartar a mirada dela, xirei a cabeza para ollar a estancia. Pode ser que o que máis me impactase fora aquel intenso cheiro a merda, que facía daquela unha atmosfera pesada. A miña sorpresa foi ver, nunha esquina quedas, cinco galiñas que nin escoitara. Seguín analizando todo e confirmei que só había auga nun prato sopeiro no chan, que semellaba ser compartido pola rapaza e mais as galiñas.

Quixen falar con ela pero non respondía, o máis que facía era moverse de xeito medroso. Eu penso que aquel

home a tiña alí encerrada, pero non podo dicir máis porque non o sei. Mireina dun xeito que na miña cabeza pretendía ser agarimoso e saín de alí. Metín o corpo do home no coche e conducín mentres pensaba onde deixalo. Na miña mente, aínda tiña os ollos daquela rapaza apuntando cara a min.

O segundo que lembro daquela noite é que o río tiña moito caudal. Levabamos uns días con moita choiva na bisbarra. Eu penso que xogaba ó meu favor o coñecemento que tiña da comarca, foi así que adoitaba non ter dificultades para esconder os corpos dos santiños que ía matando. Polo menos, podía escondelos de tal xeito que tardasen ben en atopalos. Tamén penso, ollando cara atrás, que xogaba na miña contra a pouca experiencia que tiña. Tanto era así, que mentres tiraba o corpo daquel home ó río reparei en que non ollara ben se había alguén por alí. Caeu o corpo na auga e fixo un ruído seco. Mirei para todos os lados e non vin a ninguén. Entrei no coche, acendín o contacto e no mesmo momento en que prenderon as luces, alí no final da ponte, puideron ver unha figura humana. Acelerei até chegar a ela pero, na velocidade do meu coche na noite, desapareceu coma unha pantasma. Saín do coche con nerviosismo, mirando toda a contorna, pero alí non había nada nin ninguén. Só escuridade e o son do río que marchaba cara ó Miño. Volvín ó coche e, xusto antes de entrar, os meus ollos ollaron unhas pisadas no chan. Aí, no mesmo lugar onde vira a figura. Agacheime para velas e paroume o corazón durante uns segundos. Dous pés mollados, sen zapatos ningúns, deixaran perfectas marcas húmidas naquela terra. Mirei debaixo da ponte e marchei.

Á noite seguinte, nunha estacada que estaba preto de alí, dous homes baixo a luz dos faroliños para pescar, viron baixo a auga do río, que xa ía máis baixo, unha imaxe terrible. Souben disto de alí a un pouco. O corpo

do home que eu matara quedara alí atrapado, naquela pesqueira. Eses homes dixeron que, cando o sacaron da auga, tiña dúas lampreas pegadas a el, chupándolle todo o sangue.

Na curva da igrexa de San Paio de Alxén, xullo de 2019

—Ai meu Deus!

—Que pasou, Loli?

—Son dous homes, Manolo! Chama por alguén!

—Están mortos! Alguén os deixou aquí, merda! Vou chamar a policía.

Aquela parella foi quen atopou, preto da igrexa, os corpos de Cleto e Andrés. Non pensaba eu, cando os matei, que habería tal historia como a que fixo a xente de Alxén. De casa en casa, falando como se fose un segredo, imaxinaban o falecer daqueles dous homes. Nunha destas, escoitei que un deles quedara no chan cun pano na cabeza, como querendo limpase o sangue do disparo. Eu creo que non quedou dese xeito, pero, como sempre me gustaron moito os libros, eu tamén conto así a historia. O que si que puider prever foi que lles botarían a culpa ós xitanos. Así foi. Cando veu a policía a preguntarlle á xente do lugar o que sabían daqueles dous homes, a voz dunha vella escoitouse por enriba do resto:

—Alí! Alí cerca pasaban moito eles. Dígolle que os xitanos pasaban deseguido por alí, onde mataron os homes.

—Iso é certo —confirmaba outro.

—Si —nunha afirmación xeral.

Tamén circularon outro tipo de historias, a que máis me fixo rir foi unha que dicía que o Cleto e mais o Andrés morreran pelexando. Que de hostias se deberon dar, pensaba eu para min. O certo é que cando alguén aparece

morto, malferido ou fai cousas raras todo o mundo perfila e difunde fantásticas historias do que pode acontecer. Eu penso que isto é marabillioso e vou explicalo.

Cando eu era pequeno, unha muller paseaba soa case todas as noites polas rúas do meu barrio. Un amigo meu, sabedor disto, insistíume para seguila sen que ela se dese conta. Era a unha da mañá e alí estabamos, espreitando ó lonxe aquela muller. Nun momento meteuse dentro dun soar abandonado e xa non a puidemos ver. Repetimos a mesma operación durante catro ou cinco noites. Entre nós os dous falabamos a posibilidade de que vivise alí. Tamén era certo que nos resultaba estraño, polo que comezamos a imaxinar outras cousas. Lembro que chegamos a pensar que aquela muller era unha bruxa ou un espírito. Non tiña sentido que fose case todas as noites a aquel lugar. A nosa última e máis verosímil hipótese era que aquela muller escondía algo naquel lugar, e viña coidar que ninguén llo roubase pola noite. Tiña bastante lóxica, xa que o mellor sitio para esconder algo era nun lugar en que ninguén sospeitaría que houbera cousas de valor. Na última noite que saímos mirala fomos armados con paus e pedras, dispostos a que nos dese parte do que alí gardaba. Como todas as noites, seguímola. Agardamos un intre despois de que entrase no soar, para poder pillala xusto no momento no que estivese sacando do seu escondite aquilo que gardaba e, despois de mirar un para o outro, entramos violentamente. Alí, baixo a tenue luz dunha farola que había no outro lado da rúa, atopamos aquela muller cun libro nas mans. Aquilo tan misterioso que facía era ler na tranquilidade da noite.

Hospital Álvaro Cunqueiro, Vigo, abril de 2020


Levaba unhas semanas intentando ordenar todas as historias que teño escritas para deixalas ben postas nun cartafol. Quería que quedasen ben ordenadiñas. Eu sei que non as deixei ben postas, penso que ata perdín algunha. De todos os xeitos, dá igual. Eu deixei posta a data en todos os papeis. Este que escribo chegará á casa por unha enfermeira moi boa que coñecín aquí, Pilar. É un ceo de muller, trátame de campionato.

Agora le atentamente isto, meu fillo. No meu despacho, alí onde teño a mesa, mira debaixo da alfombra. Busca ben, que vas atopar algunhas destas historias que che deixo. Eu non me atopo ben, cánsame ata escribir isto. Creo que logo me subirán á UCI, cando teñan un espazo para min.

Espero que che gusten todas estas historias e non as tomes por verdadeiras. No mar afogamos na nosa propia soidade. Eu atopei acougo en escribir. Vou parar, estou canso. Canto te quero.



traducción



CURIOSIDADE POLA CIENCIA

Diego García Laranxeiro

Primeiro premio

Datos da obra:

Autora: Christina Beck

Título: *Date an der Synapse - Forscher spüren unseren
Erinnerungen nach*

Lingua de publicación: alemán

Lugar e ano de publicación: Múnic, 2007

Editorial: Max-Planck-Gesellschaft

Curiosidade pola ciencia

Encontro na sinapse: as investigadoras rastrexan as nosas lembranzas

—Cal é o seu nome?

—Auguste.

—Apelido?

—Auguste.

—Cal é o nome do seu marido?

—Acho que Auguste.

—O seu marido?

—Oh, o meu marido...

—Está casada?

—Co Auguste.

—Señora Deter?

—Si, co Auguste Deter.

A conversa entre o psiquiatra Alois Alzheimer e a súa paciente Auguste Deter marcou a historia da medicina. Con ela, o 25 de novembro de 1901, comezou a investigación dunha doenza que aínda hoxe é incurábel: a demencia tipo alzhéimer, considerada unha das maiores ameazas para os estados industrializados envellecidos. De acordo coas estimacións, máis dun millón de persoas sofren este tipo de demencia só en Alemaña e entre 12 e 15 millóns en todo o mundo.

Para o mozo médico Alois Alzheimer, a perda de memoria da muller relativamente nova –Auguste Deter tiña 51 anos cando foi ingresada no manicomio de Frankfurt– era un misterio. En decembro, apenas un mes despois,

ela xa non lembraba o seu nome. Á pregunta «Cal é o seu nome?», respondeu «Maio», como anotou Alzheimer. O estado da súa paciente empeorou visiblemente, a muller choraba por veces durante horas, despois, unha vez máis, ficaba completamente apática. Malamente lembraba calquera detalle da súa vida. Nun dos poucos momentos máis lúcidos, Auguste Deter expresou a súa impotencia cunhas palabras sorprendentemente precisas: «Perdinme, por así dicir». O 8 de abril de 1906 faleceu por septicemia.

O director do manicomio deixou o informe médico e o cerebro da doente en mans de Alzheimer, que entrementres estivera a traballar no Real Hospital Universitario Psiquiátrico de Múnic. Como se podía ver a ollo nu, tiña unha masa moito menor que un cerebro san e mostraba incisuras profundas (ilustr. B). O que Alzheimer descubriu ao levar as mostras cerebrais baixo o microscopio foi exposto seis meses após a morte de Auguste Deter nunha palestra no Congreso de Psiquiatras do Sur de Alemaña en Tubinga: «Encóntranse manchas miliars espalladas por todo o córtex (cerebral) e aparecen alteracións moi estrañas nas neurofibrilas».

Así, descubrira as dúas principais características morfolóxicas da doenza: os depósitos de proteína granular, as chamadas «placas», que están formadas por aglomeracións de partículas curtas de proteína (o péptido beta-amiloide), e os depósitos de proteína fibrosa no interior das células nerviosas, formados principalmente por proteínas tau. Estas estabilizan normalmente o esqueleto celular constituído por fibras cilíndricas ocas, os microtúbulos, e así aseguran o transporte de substancias do corpo celular para as sinapses, os puntos de contacto das células nerviosas. No caso do alzhéimer, perderon a súa ligazón aos microtúbulos e acumuláronse en filamentos de proteínas ben compactas que agora bloquean os procesos das células nerviosas (axóns).

Unha cuestión de contactos

Actualmente, os métodos de exame aínda máis precisos revelan que hai unha perda masiva de sinapses nas doentes de alzhéimer. Os millares e millares de millóns de circuítos entre células nerviosas que almacenaron unha vida enteira de lembranzas, ben como a personalidade complexa dunha persoa, son irremediabelmente perdidos. É como a eliminación gradual dun disco duro nun computador: primeiro son destruídos os datos máis novos e despois os máis antigos. Moito antes de que a perda de memoria poida ser realmente diagnosticada, xa acontece unha extensa destrución de sinapses en doentes de alzhéimer. Este proceso comeza nas áreas do cerebro que son responsábeis do almacenamento do contido da memoria, o que prexudica seriamente a capacidade de almacenar novos contidos.

As neurobiólogas levan máis de cen anos a especular sobre a forma en que se almacenan as lembranzas no cerebro. Isto ocorre grazas a que as células nerviosas están ligadas entre si en padróns específicos por mor da expresión coordinada de varios xenes durante o desenvolvemento: o esquema cerebral é, xeralmente, fixo. Como é que un conxunto de ligazóns conectadas de forma tan precisa pode ser alterado pola actividade neuronal? Como é que as células nerviosas rexistran alteracións máis ou menos permanentes baseadas na experiencia? O famoso neuroanatomista español Ramón y Cajal foi un dos primeiros en recoñecer, xa no final do século XIX, que as alteracións que deben levar ao almacenamento de información no cerebro ocorren moi probabelmente nos puntos de contacto das células nerviosas, as sinapses.

O que é que son exactamente as sinapses? Cando as científicas ollaron por primeira vez o cerebro humano baixo un microscopio electrónico nos anos 50, repararon en que as células nerviosas están normalmente separadas

unhas das outras por un espazo estreito de preto de 20 nanómetros (un nanómetro é unha millonésima de milímetro) chamado fenda sináptica. As rexións de membrana das dúas células que forman unha fenda sináptica –as membranas pre e posinápticas– xunto coa propia fenda forman a sinapse (ilustr. A). O cerebro dun ser humano adulto contén mil billóns de sinapses, que unen un total de preto dun billón de células nerviosas. As dendritas (do grego, «árbore»), as finas ramificacións dunha célula nerviosa, poden formar unha sinapse con outras dendritas, axóns con outros axóns ou tamén co corpo celular doutra célula nerviosa; a ligazón sináptica máis frecuente, porén, é a que existe entre axón e dendrita (ilustr. C).

No entanto, xorde agora un problema de transmisión de sinais: para comunicarse coas células veciñas, as células nerviosas xeran sinais eléctricos, os chamados potenciais de acción. Estes viaxan ao longo de toda a extensión do axón e, finalmente, encontran a fenda sináptica na súa extremidade. O terminal presináptico está agora excitado: o potencial de membrana é por un momento máis positivo que en repouso (isto chámase «despolarización»). Mais para onde é que debe viaxar a onda de excitación? Como é que pode servir de sinal para a célula receptora se for detida por unha fenda tan minúscula como esta? É parecido a cando estamos a conducir un coche e de súpeto topamos cun río. No horizonte non hai ponte ningunha á vista, mais preséntase a oportunidade de mudarmos de vehículo e entrarmos nunha barca para atravesar o río. No contexto da célula nerviosa, isto significa que precisamos un método para transformar o sinal eléctrico nun sinal que poida atravesar a fenda sináptica.

Cando o potencial de acción atinxe o terminal presináptico, as canles para os ións de calcio ábrense debido á despolarización da membrana. Prodúcese un forte e rápido aumento na concentración de calcio, o que fai que uns

pequenos paquetes cargados con moléculas de sinalización química, chamadas «vesículas», se fundan coa membrana presináptica e así liberen o seu contido na fenda sináptica. Canto máis potenciais de acción chegaren, máis paquetes son baleirados e máis neurotransmisor é liberado. Desta forma, o sinal eléctrico orixinal é traducido de forma fiable nun sinal químico. As moléculas do sinal difúndense entón a través da fenda sináptica en milisegundos e liganse ás moléculas receptoras correspondentes na superficie da célula postsináptica. Adáptanse especificamente a un mensaxeiro concreto, na medida en que o seu punto de unión corresponde perfectamente á configuración molecular da que acaba de chegar. A ligazón da mensaxeira á receptora leva á abertura de canles iónicas do lado da receptora, polo que se acumula un potencial despolarizante postsináptico, un dos moitos sinais eléctricos transmitidos das dendritas para o corpo celular.

Servizo de envíos flexíbeis

Este proceso de transmisión sináptica pode ser modificado de moitas maneiras tanto no lado pre como no lado postsináptico. Esta é a vantaxe da transmisión química, que doutra forma consume demasiado tempo e enerxía (se apenas os impulsos eléctricos fosen transmitidos –o que acontece no sistema nervioso– a velocidade de transmisión sería moito máis elevada; alén diso, ningún neurotransmisor tería que ser producido, almacenado e eliminado novamente). A forza de transmisión da sinapse, ou sexa, a eficiencia con que un potencial de acción na célula nerviosa transmisora excita a célula receptora, pode deste xeito ser alterada. Este parámetro adicional, unha mudanza na sensibilidade durante un certo período de tempo, dificilmente sería posible cunha simple difusión pasiva da

corrente eléctrica dunha célula para a outra. As neurobiólogas asumen que esta plasticidade sináptica é a base para os procesos de aprendizaxe e memoria.

Nils Brose e as súas colegas do Instituto Max Planck de Medicina Experimental en Gotinga traballan hai moito tempo na regulación da transmisión de sinais sinápticos. Xa en 1999, conseguiron identificar unha etapa molecular chave: como foi explicado previamente, as vesículas teñen unha importancia fundamental para a transmisión na sinapse. Para poder responder a un sinal eléctrico recibido coa liberación de moléculas mensaxeiras en calquera momento, unha célula nerviosa debe ter unha certa cantidade de vesículas de liberación aguda preparadas en cada un dos seus terminais sinápticos. Para este fin, as vesículas son ancoradas en primeiro lugar nunha área específica da membrana plasmática, mais aínda non poden fundirse con ela. Para tal, deben primeiro ser sometidas a un proceso de maduración no cal adquiren a capacidade de se fusionaren (ilustr. D). As científicas denominan este proceso como «cebamento» e a proteína Munc-13 desempeña un papel decisivo nel. Sen a Munc-13, as investigadoras de Max Planck descubriron que non hai «cebamento» e, consecuentemente, ningún neurotransmisor é liberado. «É semellante a un revólver que non pode disparar porque aínda non lle puxeron o gatillo, as células nerviosas sen a Munc-13 non poden transmitir sinais sinápticos porque as súas vesículas non son capaces de fusionarse, ou sexa, non están finalizadas, por así dicir», explica Brose.

O número de vesículas de liberación aguda nunha sinapse determina a súa fiabilidade. Se foren moi poucas e se foren tamén fornecidas moi lentamente, a sinapse correspondente fatigarase rapidamente baixo unha tensión permanente. O oposto acontece se unha sinapse puiden continuar a fornecer rapidamente vesículas fusíbeis baixo estrés. En determinadas circunstancias, pode mesmo

mellorar coa activación continua. Esta adaptabilidade é chamada plasticidade a curto prazo. Permítenos mudar de xeito rápido e flexíbel o noso comportamento con base en impresións sensoriais ou como resultado de procesos mentais, por exemplo, para respondermos brevemente a unha chamada telefónica en canto traballamos no computador, para localizarmos un coche que está a tocar a bucina no medio do tráfico da cidade ou para evitarmos unha bóla de neve que se aproxima.

De feito, a Munc-13 está regulada pola actividade das células nerviosas de tal forma que o fornecemento de vesículas pode ser adaptado ás respectivas necesidades: se a célula for moi activa, moitas vesículas de liberación novas serán fornecidas pola proteína; se for silenciosa, a actividade da proteína ficará tamén reducida. Coa Munc-13, as investigadoras de Gotinga puideron descubrir o mecanismo chave da plasticidade a curto prazo, xa que até entón non se sabía como a acumulación de ións de calcio no terminal presináptico pode aumentar a taxa de liberación do neurotransmisor cando a célula nerviosa está continuamente activa. Brose e o seu equipo foron quen de mostrar que os ións de calcio se unen a unha proteína de sinalización chamada calmodulina e que este conxunto de ións de calcio e calmodulina se une e activa a Munc-13.

A maquinaria molecular da sinapse utilizada para diferentes tipos de aprendizaxe e de almacenamento a curto prazo está extremadamente diversificada, a Munc-13 é apenas un dos moitos exemplos da regulación da transmisión sináptica. As lembranzas a curto prazo son almacenadas só temporalmente, a súa conservación non require ningunha alteración anatómica. Por outro lado, pasarmos dun reforzo a curto prazo para un reforzo a longo prazo exige pasar a nivel molecular dunha memoria baseada en procesos para unha baseada en estruturas: para establecer un contido a longo prazo, deben construírse novas sinapses.

Como se enraízan os pensamentos

Winfried Denk, agora no Instituto Max Planck de Investigación Médica en Heidelberg, e Watt Webb da Universidade de Cornell nos EUA tiveron a idea innovadora de utilizar o principio físico da excitación de dous fotóns –descrito xa en 1930 pola física alemá Maria Goepfert-Meyer– para construíren un microscopio extremadamente potente. Con este chamado microscopio de dous fotóns, as estruturas na gama de micrómetros poden tornarse visíbeis mesmo nas profundidades dos tecidos vivos. Por primeira vez, permítelles ás neurobiólogas «ollar literalmente dentro» do cerebro vivo e observar como os circuitos neurais mudan so a influencia da experiencia e da aprendizaxe.

Usando esta nova técnica, Tobias Bonhoeffer e as súas colegas do Instituto Max Planck de Neurobioloxía en Martinsried puideron mostrar por primeira vez en 1999 que a amplificación das sinapses (desencadeada na experiencia por estímulos intensos) é de feito acompañada por alteracións anatómicas minuciosas (ilustr. E): ramas finas de pelo medran en estruturas semellantes a cogomelos, compostas por un tronco e unha cabeza terminal, coñecidas como espiñas dendríticas, que medran especificamente para teren posíbeis contactos. Nas primeiras oito horas, con todo, ningunha información pode ser intercambiada a través de calquera destes contactos celulares formados tan recentemente. É só nas horas seguintes cando se determina se unha ligazón permanecerá ou retrocederá. Os contactos que aínda están presentes após 24 horas teñen sinapses totalmente funcionais e teñen unha boa probabilidade de aínda permaneceren despois de varios días ou semanas.

En contrapartida, unha baixa frecuencia de estimulación e o consecuente enfraquecemento das sinapses

levan á desaparición destas espiñas. «Por primeira vez, puidemos observar en directo como o cerebro muda a súa estrutura durante a aprendizaxe», di Bonhoeffer. As sinapses e as espiñas son a unidade de memoria, o bit do cerebro, por así dicir. Cando algo é aprendido, créanse novas ligazóns que reforzan o contacto entre dúas células nerviosas. Se, por outro lado, o número de ligazóns sinápticas diminúe, iso leva a unha perda de información e o que foi aprendido é novamente esquecido.

Visto baixo esta luz, non só a vida, senón tamén o cerebro é unha obra en construción: a capacidade vitalicia de formar novas ligazóns e tamén de as desfacer outra vez torna posíbeis os logros intelectuais que nos fan persoas humanas. Esta é unha das razóns polas cales as doenzas como o alzhéimer son golpes do destino que nos afectan tan profundamente. Talvez un día sexa posíbel deter concretamente a eliminación patolóxica de sinapses en doentes de alzhéimer sen afectar a eliminación natural das sinapses no contexto da aprendizaxe e da memoria. Se fose posíbel intervir antes de ocorreren as alteracións no xeito de pensar e de sentir que fan tan difícil para as doentes lidar coa vida cotiá, melloraría significativamente a calidade de vida das persoas afectadas. Precisamente por iso é tan importante que as investigadoras comprendan mellor a estrutura das redes sinápticas e a reorganización das sinapses individuais.


Ilustracións

A




O punto de contacto entre dúas células nerviosas chámase sinapse. As moléculas mensaxeiras (esferas vermellas) cruzan a fenda sináptica e únense aos receptores correspondentes no lado posináptico (mostrados como aberturas). No fondo, unha visión lateral do cerebro.

B




Sección transversal do cerebro dunha persoa sa (esquerda) e dunha persoa doente de alzhéimer.

C



Con dous marcadores fluorescentes diferentes, as investigadoras viron as dendritas máis grandes (azul) e todas as sinapses (vermello) dunha única célula nerviosa do cerebro dun rato.


D



As vesículas sinápticas cargadas co neurotransmisor acóplanse á membrana plasmática na área da zona activa (esquerda). Aí

sométense a un proceso de maduración controlado pola proteína Munc-13 (cebamento). Un aumento da concentración de calcio desencadea a fusión das vesículas coa membrana plasmática e a liberación do neurotransmisor. As proteínas da vesícula son, entón, recuperadas por endocitose. A través da invaxinación da membrana plasmática prodúcese novas vesículas no interior da célula.

E



A estimulación intensiva conduce á formación de espiñas dendríticas nas neuronas (enriba), que están marcadas con proteína verde fluorescente. A imaxe (a) mostra unha sección das dendritas dunha célula nerviosa antes da estimulación. Tras 30 minutos de estimulación intensiva, obsérvase a formación de espiñas (frechas vermellas, imaxe [b]). Con baixa frecuencia de estimulación, as espiñas retroceden (abaixo). A imaxe (c) mostra as espiñas das células nerviosas 60 minutos antes da estimulación. As frechas azuis indican os lugares onde desaparecen as espiñas (frechas sen recheo, imaxe [d]).

Palabras chave

demencia de tipo alzhéimer, sinapses, acción/potencial de membrana, despolarización, vesículas, plasticidade sináptica, memoria a curto/longo prazo.

Lecturas recomendadas


SQUIRE, L. R., e KANDEL, E. R. (1999). *Gedächtnis - Die Natur des Erinnerns*. Spektrum Akademischer Verlag.

GASSEN, H. G., e MINOL, S. (2004). *Unbekanntes Wesen Gehirn*. Media Team.

Ligazóns recomendadas

https://www.studentenservice.novartis.de/content_pdf/innovartis/i9820511.pdf

<http://www.br-online.de/wissen-bildung/thema/gedaechtnis/function.xml>



DÉIXAME COMEZAR
DE NOVO

Isaac Garrido González

Primeiro accésit

Datos da obra:

Autor: Ocean Vuong

Título: *On Earth We're Briefly Gorgeous*

Lingua de publicación: inglés

Lugar e ano de publicación: EUA, 2019

Editorial: Penguin Press, Penguin Random House

Querida ma:

Escribo para alcanzarte, mesmo se cada palabra que escribo me afasta máis de onde estás. Escribo para volver a aquela vez, na área de servizo de Virxinia, en que miraches, horrorizada, o cervo disecado que penduraba, escurecéndoches a face coa cornamenta, sobre a máquina de refrescos ao carón dos baños. No coche, continuabas negando coa cabeza.

—Non entendo por que fan iso. Acaso non ven que é un cadáver? Os cadáveres deben avanzar, non quedar atrapados para sempre desesa maneira.

Agora penso nese cervo, na maneira en que miraches fixamente os seus ollos negros de cristal e viches o teu reflexo, todo o teu corpo, deturpado nese espello sen vida. Non foi a exhibición grotesca dun animal decapitado o que che afectou, senón o feito de que a taxidermia lle dá corpo a unha morte que nunca acaba, unha morte que continúa morrendo mentres pasamos por diante dela para ir ao baño.

Escribo porque me dixeron que non comece nunca unha oración cun «porque». Mais eu non estaba tentando formar unha oración; estaba tentando liberarme. Porque a liberdade, segundo me dixeron, non é máis que a distancia entre o cazador e a presa.

Outono. Algures en Michigan, unha colonia de bolboretas monarca, máis de quince mil, comeza a súa migración anual cara ao sur. Nun período de dous meses, desde setembro até novembro, mudaranse, un bater de ás

de cada vez, do sur do Canadá e dos Estados Unidos ás rexións do centro de México, onde pasarán o inverno.

Póusanse entre nós, en soleiras e aramados, en tendais aínda atenuados polo peso da roupa acabada de estender, no capó dun Chevy azul desgastado, as ás xuntándose devagar, coma se as estivesen a gardar antes de emprender o voo nun chiscar de ollos.

Unha soa noite de xeada abonda para matar unha xeración enteira. Vivir, daquela, é unha cuestión de tempo, de momento oportuno.

Aquela vez cando tiña cinco ou seis anos e mentres brincaba te sorprendín saíndo dun chimpo de detrás da porta do corredor, berrando: «Bum!» Ti berraches, coa cara esgazada e torta, e despois botácheste a chorar, agarrando o peito mentres te apoiabas na porta na procura de azos. Eu quedei alí, desconcertado, co casco militar de xoguete inclinado sobre a cabeza. Era un rapaz estadounidense que imitaba o que miraba na televisión. Non sabía que a guerra aínda estaba dentro de ti, que –para comezar– houbera unha guerra e que unha vez que ela entra en ti nunca marcha, só retumba cun son que forma a cara do teu propio fillo. Bum.

Aquela vez, en terceiro de primaria, en que coa axuda da señora Callahan, a miña profesora de inglés como segunda lingua, lin o primeiro libro que me encantou, un libro para nenos titulado *Thunder Cake*, de Patricia Polacco. No conto, cando unha rapaza e a súa nai enxergan unha tormenta que se está a formar no horizonte verde, no canto de pecharen as xanelas ou cravaren táboas nas portas, póñense a facer un pastel. Aquel acto, a súa precaria mais ousada negación do sentido común, xeroume inseguridade. Mentres a señora Callahan permanecía de pé detrás de min coa boca pegada ao meu ouvido, eu adentrábame máis na corrente do idioma. A historia seguiu o seu curso, a tormenta verberaba mentres ela falaba e verberaba

aínda máis mentres eu repetía as palabras. Facer un pastel no ollo dunha tormenta; alimentarse de azucre fronte ao perigo inminente.

A primeira vez que me zoupaches debía ter catro anos. Unha man, un flash, un cálculo. A miña boca, unha labarada de contacto.

A vez que tentei ensinarche a ler do mesmo xeito que o fixera a señora Callahan comigo, a miña boca pegada ao teu ouvido, as miñas mans nas túas, as palabras movéndose baixo as sombras que creabamos. Mais o acto (un fillo ensinando a súa nai) invertía as nosas xerarquías e, xunto con elas, as nosas identidades, que neste país xa estaban atenuadas e amarradas. Após os tatexos e os falsos comezos, as oracións arqueáronseche ou bloqueáronseche na gorxa; após a vergoña do fracaso, pechaches o libro dun golpe.

—Non preciso ler —dixeches, amosándote abatida, e afastácheste da mesa—. Podo ver e aquí che estou, non si?

Despois, a vez co mando a distancia. Unha roncha denegrida no antebrazo sobre a que lles mentín aos profesores.

—Caín xogando á pita.

A vez que, con corenta e seis anos, che entrou de súpeto o devezo de pintar.

—Imos ao Walmart —dixeches unha mañá—. Necesito libros de colorear.

Durante meses, enchiches o espazo entre os teus brazos con todas as cores que non podías pronunciar: maxenta, vermellón, caléndula, peltre, cimbro, canela. Cada día, durante horas, mergullábaste en paisaxes de granxas, pastos, París, dous cabalos nunha chaira abalada polo vento, a cara dunha rapaza de cabelo negro cuxa pel deixaches en branco, deixaches branca. Pendurábalos por toda a casa, que comezou a parecer unha aula de primaria. Cando che preguntei «Por que colorear? Por que agora?»

pousaches o lapis de zafiro e miraches, entre soños, un xardín a medio terminar.

—Quedo pampa por uns instantes ao facelo –dixeches–, pero sinto todo coma se seguise aquí neste cuarto.

A vez que me tiraches a caixa de Legos á cabeza. O chan de madeira salpicado de sangue.

—Algunha vez debuxaches unha escena –dixeches mentres completabas unha casa de Thomas Kinkade– e logo puxécheste dentro? Vícheste algunha vez por detrás, avanzando e afondando máis nesa paisaxe, afastándote de ti?

Como che podía explicar que o que describías era a escritura? Como che podía dicir que nós, despois de todo, estamos tan preto?, que as sombras das nosas mans en dúas páxinas diferentes se funden?

—Perdón –dixéchesme, vendándome o corte da testa–. Colle o abrigo. Lévote ao McDonald's. –Coa cabeza a latexar, bañaba os *nuggets* de pito en ketchup mentres me observabas–. Tes que facerte máis grande e forte, de acordo?

Relín *Journal de deuil* de Roland Barthes onte, o libro que escribiu cada día, durante un ano, tras a morte da súa nai. «Coñecín o corpo da miña nai, enfermo e despois moribundo» escribiu. E aí foi cando parei, cando decidín escribirche, a ti, que aínda estás viva.

Aqueles sábados ao final de mes cando iamos ao centro comercial se che sobrara diñeiro tras pagares as facturas. Algúns emperiquítanse para iren á misa ou a unha cea, nós iamos de domingo a un centro comercial situado na saída da I91. Erguíaste cedo, botabas unha hora maquiñándote, puñas o teu mellor vestido negro de lentellolas, o teu único par de aros dourados, os teus zapatos de lamé. Despois axeonllábaste, untabas o meu cabelo cunha man de fixador e peiteábalo de lado.

Un estraño non podía intuír ao vernos alí que faciamos a compra na tenda da esquina de Franklin Avenue, cuxo limiar estaba ateigado de cupóns de comida usados, e onde os produtos básicos como o leite e os ovos custaban o triplo que nas zonas residenciais; onde as mazás, engurradas e mazadas, agardaban nunha caixa de cartón co fondo enchoupado polo sangue de porco que goteara da caixa cos restos de costeletas, que había tempo que non tiña xeo.

—Imos por uns chocolates exquisitos deses —dicías, sinalando a chocolataría Godiva.

Colliamos á toa unha bolsiña de papel con quizais cinco ou seis onzas de chocolate. A miúdo, isto era o único que comprabamos no centro comercial. Despois paseabamos, pasándonolos unha e outra vez até que nos quedaban os dedos tinguidos e doces.

—Así é como se disfruta da vida —dicías, lambendo uns dedos cuxas uñas tiñan o esmalte gretado após unha semana facendo pedicuras.

A vez que usaches os teus puños, berrando no aparcadoiro cos últimos raios de sol gravando o teu cabelo con vermello. Eu protexía a cabeza coas mans mentres me batían os teus noelos.

Eses sábados, percorríamos os corredores até que, unha a unha, as tendas baixaban as persianas de aceiro. Despois comezabamos a camiñar cara á parada do bus do final da rúa, mentres os nosos bafos pairaban sobre nós e a maquillaxe secaba na túa cara. As nosas mans estaban baleiras, agás polas mans do outro.

Esta mañá a través da xanela, xusto antes do amencer, vin un cervo nunha néboa tan densa e refulxente que o segundo, que non se atopaba moito máis lonxe, semellaba a sombra inacabada do primeiro.

Podes colorealo. Podes chamalo «A historia da memoria».

A migración pode desencadearse polo ángulo da luz do sol, que indica un cambio de estación, de temperatura, de vexetación e de presenza de alimento. As femias monarca poñen ovos ao longo do percorrido. Cada historia componse por máis dun fío e cada fío é unha historia sobre división. O traxecto é de sete mil setecentos setenta e tres quilómetros, máis que a lonxitude deste país. As monarca que voan ao sur non conseguirán volver ao norte. Cada partida é, por tanto, definitiva. Só regresan as súas fillas; só o futuro retorna ao pasado.

Que é un país senón unha cadea sen límites, unha vida?

Aquela vez na carnizaría chinesa, cando sinalaches o porco asado que penduraba dun gancho.

—As costelas son iguais que as dunha persoa tras arder.

Soltaches unha risiña entrecortada, logo paraches, sacaches o teu moedeiro coa cara esbrancuxada e recontaches o diñeiro que tiñamos.

Que é un país senón unha condena a cadea perpetua?

Aquela vez coa garrafa de leite. O envase golpeoume o ombreiro antes de que comezase a caer unha chuvia branca e constante nas baldosas da cociña.

Aquela vez no parque de atraccións Six Flags, cando montaches comigo na montaña rusa de Superman porque tiña demasiado medo como para subir só. Como vomitaches despois con toda a cabeza dentro do caldeiro do lixo. Como, berrando de alegría como estaba, esquecín dicirche «grazas».

Aquela vez que fomos ao Goodwill e enchemos o carro con produtos que tiñan unha etiqueta amarela, porque ese día unha etiqueta amarela significaba un desconto adicional do cincuenta por cento. Eu empurraba o carro e apoiárame na barra de atrás, escorregando, sentíndome rico co noso botín composto por tesouros rexeitados. Era o teu aniversario. Estabamos a desbaldir.

—Parezo unha estadounidense de verdade? —preguntáchesme mentres pegabas un vestido branco contra ti.

Era un chisco demasiado formal como para teres unha ocasión para poñelo, mais ao mesmo tempo o suficiente informal como para considerares a posibilidade de usalo. Unha oportunidade. Asentín, sorrindo de orella a orella. O carro xa estaba tan cheo que non vía o que tiña diante.

Aquela vez co coitelo de cociña, aquel que colliches e que despois pousaches, tremendo, dicindo en baixiño: «Lisca. Lisca». E saín correndo pola porta, descendendo polas rúas negras do verán. Corrí até esquecer que tiña dez anos, até que o pulso se tornou todo o que podía escoitar de min mesmo.

Aquela vez en Nova York, en que, unha semana despois da morte do primo Phuong nun accidente de tráfico, subín ao tren número dous en dirección ao centro e vin a súa cara, clara e redonda, mirando para min mentres as portas se abrían, vivo. Arquexei, mais tiven cabeza e souben que se trataba só dun home que se semellaba a el. Aínda así, obrigoume a ver o que pensaba que nunca volvería ver: os seus trazos eran tan exactos, a súa mandíbula pesada, a súa testa grande. O seu nome abalanzouse aos meus beizos antes de atrapalo. Na superficie, sentei nunha boca de incendios e chameite.

—Ma, vino —murmurei—. Ma, xuro que o vin. Sei que é unha estupidez pero vin a Phuong no tren.

Estaba a sufrir un ataque de pánico. E ti sabíalo. Por uns intres non dixeches nada, despois comezaches a cantaruxar a melodía de «Parabéns para ti». Non estaba de aniversario, mais era a única canción que sabías en inglés e continuaches cantaruxándoa. E eu escoiteite co móbil pegado con tanta forza ao ouvido que, horas despois, aínda tiña un rectángulo rosa impreso na meixela.

Teño vinte e oito anos, mido un metro sesenta e tres e peso cincuenta e un quilos. Son guapo desde tres ángulos exactos e horrible desde calquera outro. Estou escribindoche desde o interior dun corpo que adoitaba ser teu, o que quere dicir que che escribo como un fillo.

Se temos sorte, o final da oración pode ser por onde comeceamos. Se temos sorte, transmítesenos algo, outro alfabeto escrito no sangue, nos nervios e nas neuronas; os devanceiros cargando os seus parentes cun impulso silandeiro para que voen cara ao sur, para que retornen ao lugar do relato que ninguén estaba destinado a vivir para ver.

Aquela vez, no salón de manicura, cando te escoitei consolar unha clienta apesurada pola súa recente perda. Ao mesmo tempo que lle pintabas as uñas, ela falaba entre bágoas.

—Perdín a miña nena, miña meniña Julie. Non o podo crer. Era a máis forte, a maior.

Ti asentías cos ollos secos tras a máscara.

—Acougue, acougue —dixécheslle en inglés—. Non *chorar*. A túa Julie —continuaches—, como *morrer*?

—Cancro —díxoche a muller—. E ademais no xardín traseiro! Morreu alí mesmo no xardín traseiro, maldita sexa.

Pousaches a súa man e retiraches a máscara. Cancro. Inclinácheste.

—Miña nai tamén; de cancro. —A sala enmudeceu. As túas compañeiras mexéronse nos seus asentos—. Pero que *pasar* no xardín traseiro? Por que *morrer* alí?

A muller secou as bágoas.

—Era a súa casa. Julie era a miña egua.

Asentiches, puxeches a máscara e continuaches pintándolle as uñas. Despois de que a muller marchase, guindaches a máscara á outra punta do salón.

—Unha puta egua? —dixeches en vietnamita—. Carallo! Estaba a piques de ir á tumba da súa filla cunhas flores!

Durante o resto do día, mentres traballabas nunha ou noutra man, erguías a mirada e berrabas «Unha puta egua!», e todos riamos.

A vez en que, con trece anos, por fin che dixen que para-ses. A túa man no ar, o meu pómulo ardendo polo primeiro golpe.

—Para, ma. Para, por favor.

Mireite con dureza, do mesmo xeito en que daquela xa aprendera a mirar os ollos dos meus abusóns. Ti virá-cheste e, sen dicir máis nada, puxeche o teu abrigo de la marrón e fuches á tenda.

—Vou comprar ovos –dixéchesme por enriba do ombreiro coma se nada acontecese.

Mais os dous sabiamos que nunca máis me ías pegar.

As monarca que sobreviviron á migración pasáronlles esta mensaxe ás súas fillas. A lembranza dos familiares perdidos no inicio do inverno teceuse nos seus xenes.

Cando finaliza unha guerra? Cando podo pronunciar o teu nome e que signifique só o teu nome e non o que deixaches atrás?

Aquela vez que acordei nunha hora tinguida de azul coa cabeza... non, a casa... bañada por unha suave música. Fun até o teu cuarto pisando o chan frío de madeira. A túa cama estaba baleira.

—Ma –dixen, quedo como unha flor cortada sobre a música.

Era Chopin e proviña do teu armario. Os perfís da porta emanaban unha luz avermellada coma se fose a entrada a un lugar en chamas. Sentei fóra escoitando a abertura e, baixo ela, a túa respiración constante. Non sei canto tempo botei alí, mais nalgún momento volvín para a cama e cubrinme até o queixo coas mantas até que cesou, non a música, senón o meu tremor.

—Ma –volvín dicir para ninguén–, volve. Sae para fóra.

Dixéchesme unha vez que o ollo humano é a creación máis solitaria de Deus. Como pasan tantas cousas por diante da pupila e aínda así non retén nada. O ollo, só na súa conca, nin sequera sabe que hai outro, cuspidiño a el, a uns centímetros de distancia e tan famento, tan baleiro, coma el. Abrindo a porta da entrada para recibirmos a primeira nevarada da miña vida, murmuraches:

—Mira.

Aquela vez en que, mentres cortabas un cesto de feixóns verdes no vertedoiro, dixeches, sen vir a conto:

—Non son un monstro, son unha nai.

Que queremos dicir cando dicimos supervivente? Quizais un supervivente é o último en chegar á casa, a última monarca que aterra nunha rama xa cargada de pantasma.

A mañá arrodeounos.

Pousei o libro. As cabezas dos feixóns verdes continuaban estalando; percutían no vertedoiro de aceiro coma dedos.

—Non es un monstro –dixen.

Pero mentín.

O que quería dicir en realidade era que ser un monstro non é algo tan terrible. Vén da raíz latina *monstrum*: un mensaxeiro divino das catástrofes. O francés antigo adaptouno despois para denominar un animal con innúmeras orixes: centauro, grifón, sátiro. Ser un monstro é ser un sinal híbrido, un faro: protector e imponente ao mesmo tempo.

Lin que os pais que padecen trastorno de estrés post-traumático son máis propensos a bater nos seus fillos. Talvez teña unha orixe monstruosa, despois de todo. Talvez pórllle a man enriba a un fillo é preparalo para a guerra. Dicirlle que posuír un corazón latexante non é tan sinxelo como a tarefa que ten o corazón de dicirlle «si, si, si» ao corpo.

Non o sei.

O que si sei é que aquel día no Goodwill me deches o vestido branco cuns ollos cristalinos e ben abertos, e preguntáchesme:

—Podes ler isto e dicirme se é a proba de fogo?

Procurei o dobro, estudei o texto da etiqueta e, incapaz aínda de ler, díxenche:

—Si —díxeno de todas as maneiras—. Si —mentinche, sostenendo o vestido á altura do teu queixo—, é a proba de fogo.

Días despois, mentres estabas a traballar, un neno da veciñanza montado na súa bicicleta viume levando ese mesmo vestido no xardín dianteiro —puxérao pensando que así me parecería máis a ti—. Ao día seguinte no recreo, os nenos chamáronme «raro», «princesiña», «marica». Aprendín, moito tempo despois, que esas palabras eran tamén iteracións de monstro.

Ás veces, imaxino que as monarca non foxen do inverno, senón das nubes de napalm da túa infancia en Vietnam. Imaxínoas voando indemnes, fuxindo das labaradas resplandecentes, coas súas diminutas ás negras e vermellas tremelicando como cascallos que continúan a dispararse polo ceo durante miles de quilómetros. Dese xeito, ao ollares cara arriba, xa non podes imaxinar a explosión da que proveñen; son só unha familia de bolboretas flotando no ar fresco e limpo cunhas ás que, após tantas conflagracións, por fin son a proba de fogo.

—Que bo sabelo, cariño —o teu rostro conxelouse e a túa mirada perdeuse por enriba do meu ombreiro mentres sostíñas o vestido contra o peito—. Que ben.

Es unha nai, ma. E tamén es un monstro. Mais eu tamén o son; é por iso que non me podó apartar de ti; é por iso que apañei a creación máis solitaria de Deus e metinte dentro dela.

Mira.

ÍNDICE

LIMIAR DO REITOR.....	5
POESÍA.....	9
<i>Bosques</i> [Adriana Ribas Giadás].....	11
<i>Un medo violento e o amor</i> [Remedios Fernández Montalt]	17
<i>Paseantes</i> [Rebeca López Villar]	25
<i>Balbino</i> [Diego Bará Louro]	33
RELATO CURTO	45
<i>O cruceiro e as anguías</i> [Fabio Rivas Pardo].....	47
<i>Onde mataros os homes</i> [Carlos Manuel Estévez Pérez]	63
TRADUCIÓN.....	75
<i>Curiosidade pola ciencia</i> [Diego García Laranxeiro]	77
<i>Déixame comezar de novo</i> [Isaac Garrido González]	93

POESÍA

Bosques

[Adriana Ribas Giadás]

Un medo violento e o amor

[Remedios Fernández Montalt]

Paseantes

[Rebeca López Villar]

Balbino

[Diego Bará Louro]

RELATO CURTO

O cruceiro e as angúias

[Fabio Rivas Pardo]

Onde mataron os homes

[Carlos Manuel Estévez Pérez]

TRADUCIÓN

Curiosidade pola ciencia

[Diego García Laranxeiro]

Déixame comezar de novo

[Isaac Garrido González]

1396106

